


Texto: **JAVIER SOBRINO**
Ilustracións: **REBECA LUCIANI**
Tradución: **MANUELA RODRÍGUEZ**

Encadernado en cartón. 22x30 cm.
40 páxinas. Ilustracións a todo color
Dispoñible en:

- Galego: "A nube de Martín"
MareMar. ISBN 978-84-8464-708-9
- Castelán: "La nube de Martín"
Libros para Soñar. ISBN 978-84-96388-87-1
- Catalán: "El núvol d'en Martí"
Kalandraka-Hipòtesi. ISBN 978-84-936667-3-6

Precio: 15 €



A NUBE DE MARTÍN

FINALISTA DO I PREMIO INTERNACIONAL COMPOSTELA PARA ÁLBUMS ILUSTRADOS

**Eu son Martín, teño unha gata, un ollo de cada cor e unha nube.
Subo á miña nube todos os días, pola mañá, pola tarde ou pola noite.
Non importa se estou na cama, no parque ou no metro.
Ás veces, paso nela moito tempo; outras, un pouco menos.
Dá igual que haxa sol, chova, neve, ou sobre o vento.
Estou encantado coa miña nube, aínda que non a todos lles gusta...**

"A nube de Martín" é un texto de contido onírico sobre un neno capaz de imaxinar outras realidades; coa nube como vehículo simbólico co que transportarse a ese mundo, o relato aposta por "valorar ese carácter soñador que ás veces pasa desapercibido", en palabras de Javier Sobrino.

Pola súa parte, Rebeca Luciani representa ese caudal simbólico cunhas ilustracións de moita forza expresiva, coas que xoga a plasmar as sensacións que transmite o relato; unhas ilustracións "profundas" para unha historia "profunda", na que destaca o manexo da cor e o paso da nenez á adolescencia que experimenta o personaxe protagonista do relato.

JAVIER SOBRINO (Pimiango, Asturias, 1960)

Profesor de Primaria. Pertence ao comité da revista de literatura Peonza dende 1986. É autor de varios traballos sobre literatura e animación á lectura. Como escritor ten varios álbums infantís editados e foi premiado no I Concurso Internacional de Álbum Ilustrado Biblioteca Insular 2006, certame no que tamén recibiu un accésit.

- **Temática:** relato sobre a imaxinación infantil
- **Idade recomendada:** a partir de 5 anos
- **Aspectos destacables:** ilustracións expresivas, de cores fortes e formas consistentes
- **Aplicacións:** o paso da nenez á adolescencia; o carácter soñador dos nenos; elementos de carácter simbólico (nubes)

REBECA LUCIANI (La Plata, Buenos Aires, 1976)

Estudou debuxo e pintura no Bacharelato de Belas Artes e na Facultade de Belas Artes da Universidade Nacional de La Plata (Arxentina). Traballa como ilustradora, imparte clases de ilustración e obradoiros infantís. Dende 2002 publicou varios álbums, algúns dos cales foron distinguidos en certames internacionais. Entre eles figuran "Os oficios de Xan" (o seu primeiro traballo de ilustración infantil) e "O sorriso de Daniela" (incluído na lista The White Ravens 2007), ambos publicados por KALANDRAKA.

